



COMPOSTELA

PHOTO

CERTAME DE FOTOGRAFÍA

Bases de participación

Con data **25 de febreiro de 2020** a Fundación Santiago Centro, Área Comercial convoca o **Certame de Fotografía Compostela Photo**, co obxectivo de contribuír á difusión e promoción da arte da fotografía a través de novas miradas sobre os valores históricos e universais do **Camiño de Santiago**.



BASES

1_PARTICIPANTES

Poderán participar neste certame todas aquelas persoas maiores de 18 anos, nadas ou residentes en calquera lugar do mundo, en calidade de profesionais ou afeccionados á fotografía.

2_TEMÁTICA

A temática das fotografías estará relacionada cos valores naturais, históricos, espirituais, culturais, artísticos ou humanos do Camiño de Santiago.

3_FORMATO

Cada candidato poderá participar cun máximo de 3 fotografías, que se presentarán en formato dixital, cunha resolución mínima de 72 ppp e nun tamaño non inferior a 800 píxeles na súa medida máis curta.

4_PRAZO

O prazo de presentación estará aberto desde as 00:00 h do día 25 de febreiro de 2020 ata as 24:00 h do día 20 de setembro de 2020.



5_DOCUMENTACIÓN

Cada participante deberá xuntar un documento en formato pdf no que figure a imaxe, o título e o ano de realización, os datos persoais (nome, apelidos e DNI ou pasaporte), lugar de residencia actual, contacto (e-mail e teléfono) e unha autorización asinada para a exposición e difusión da súa fotografía dentro do ámbito de exhibición e comunicación do certame

6_PRESENTACIÓN

As imaxes e demais documentación requirida enviarase por correo electrónico a compostelaphoto@santiagocentro.gal, indicando “Certame Compostela Photo”.

7_SELECCIÓN

De todas as imaxes recibidas, un xurado, integrado por profesionais relevantes do mundo da arte e da fotografía, cunha composición que se dará a coñecer unha vez emitido o fallo, seleccionará 20 imaxes que formarán parte da exposición.

Dita selección comunicarase aos participantes seleccionados a través do correo electrónico que indicaran e farase público na páxina web compostelaphoto.santiagocentro.gal



8_EXPOSICIÓN

As obras seleccionadas exhibiranse en dous formatos:

8_1 Espazo ONLINE

A web compostelaphoto.santiagocentro.gal aloxará a exposición online cunha galería de imaxes propia, baixo o título EXPOSICIÓN ONLINE, na que se exhibirán as fotografías seleccionadas así coma toda a información relativa á súa autoría. Dita exposición difundirase a través das diferentes canles de comunicación durante o período de duración do Compostela Photo Festival.

8_2 Espazo URBANO

Do mesmo xeito, as fotografías seleccionadas exhibiranse nunha **pantalla xigante de Leds** situada na emblemática Praza Roxa, centro neurálxico do Ensanche compostelán, sumándose así á programación do Festival e sendo accesible ao numeroso público que habitualmente transita pola mesma.



9_OBSERVACIÓNS

- Non se admitirán as fotografías presentadas con posterioridade á data establecida.
- Aquelas fotografías que non se axusten ás condicións e normas do certame quedarán automaticamente excluídas.
- Compostela Photo Festival comprométese a que todas as fotografías non seleccionadas serán eliminadas da base de datos do Festival e non se fará uso delas.
- A organización resérvase o dereito de tomar decisións non reguladas nas bases, sempre que considere que poden contribuír de forma positiva ao éxito da convocatoria.

CONTACTO

Fundación Santiago Centro

Correo electrónico: compostelaphoto@santiagocentro.gal

Teléfono: 981 554 295

Dirección: Rúa Xosé Chao Rego, nº8, baixo

15705, Santiago de Compostela.

Promovido por



santiagocentro
área comercial

Co apoio de




**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

Coa colaboración de



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



FOTOFORUM
COMPOSTELA

*Anímate
e fai camiño coas túas fotos
participando en*



COMPOSTELA

PHOTO